



OURENSE, A UN DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E SEIS

XUIZ ÚNICO FEGAN

ACTA N° 12-2026 / TEMPADA 2025-26

RESOLUCIÓN EXPEDIENTE SANCIONADOR

Competición: LIGA GALLEGA MASCULINA ABSOLUTA DH 25/26

Equipos participantes: R.C. NÁUTICO DE VIGO – C. MARINA FERROL

Día/Hora: 26-4-26; 19:15

FEITOS

PRIMEIRO.- O día 27-4-26 foi remitida a este Xuíz Único a acta e o anexo do encontro disputado que se referencia. No anexo da acta, textualmente, recóllese o seguinte feito:

"No minuto 04:13 do terceiro período expúlsase definitivamente con substitución disciplinaria ao xogador n.º 4 visitante, D. Luis Suárez, por agarrar o cordón do gorro dun xogador rival e tirar del cara abaixo".

SEGUNDO.- Mediante Acta n° 12-2026, de data 28-4-26, deuse trámite de audiencia ao interesado polo prazo de dous días hábiles inmediatamente seguintes á recepción da mesma.

TERCEIRO.- Transcorrido o prazo concedido, non consta que polo interesado nin polo seu club se formulasen alegacións fronte aos feitos recollidos na acta arbitral.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- Correspóndelle ao Comité de Competición da FEGAN, a través do Xuíz Único, resolver as incidencias que poidan producirse nas competicións territoriais, utilizando para iso as actas dos partidos e, no seu caso, os informes arbitrais.

SEGUNDO.- A redacción da acta arbitral goza de presunción de veracidade "iuris tantum", sen que no presente expediente conste elemento ningún que permita desvirtuar o feito obxectivamente consignado no anexo arbitral, isto é, que o xogador nº 4 do equipo visitante, D. Luis Suárez Palacios, foi expulsado definitivamente con substitución disciplinaria por agarrar o cordón do gorro dun xogador rival e tirar del cara abaixo.

TERCEIRO.- A conduta descrita no anexo arbitral debe cualificarse como unha conduta antideportiva ou falta de deportividade, ao consistir nunha acción allea ao normal desenvolvemento do xogo, dirixida contra un xogador rival e contraria aos principios de respecto, corrección e lealdade deportiva que deben presidir a competición.

A Normativa Xeral de Waterpolo da FEGAN establece que, para resolver as incidencias producidas nas competicións territoriais, o Comité de Competición rexerese polo Regulamento de Waterpolo da FINA, polo Regulamento da RFEN e pola propia Normativa de Waterpolo da FEGAN. Así mesmo, dispón que todo o non expresamente reflectido na dita normativa se rexerá pola Normativa de Waterpolo RFEN.

Neste sentido, o Regulamento RFEN de Waterpolo contempla a conduta antideportiva nos artigos 16.3.4 e 16.3.6, en relación co artigo 9.13, relativo á mala conduta, incluíndo dentro dela o xogo agresivo, a falta de respecto ou calquera comportamento contrario ao espírito do regulamento que poida prexudicar a imaxe do xogo.

CUARTO.- No presente caso, o feito de agarrar o cordón do gorro dun xogador rival e tirar del cara abaixo excede dun simple lance ordinario do xogo e integra unha conduta antideportiva sancionable disciplinariamente, tal e como resulta da expulsión definitiva con substitución disciplinaria recollida no anexo arbitral.

Ao tratarse dun xogador inscrito en acta, resulta de aplicación o apartado 5.3.3 da Normativa Xeral de Waterpolo da FEGAN para a tempada 2025/26, relativo ás sancións de xogadores/as nos casos de expulsións disciplinarias, que prevé para a primeira expulsión definitiva a sanción dun partido.

QUINTO.- Non consta no feito arbitral que, tras a expulsión, o xogador continuase coa conduta sancionada, polo que non procede a imposición do partido adicional previsto para os supostos de persistencia posterior á expulsión. En consecuencia, atendida a condición do interesado como xogador, a natureza antideportiva da conduta, a súa cualificación como expulsión definitiva disciplinaria e o feito de tratarse do primeiro ciclo sancionador, procede impoñer a sanción de suspensión dun partido.

RESOLVO

Impoñer a D. **LUIS SUÁREZ**, xogador do **C. MARINA FERROL**, a sanción de **SUSPENSIÓN DE UN PARTIDO**, como responsable dunha conduta antideportiva ou falta de deportividade recollida na acta arbitral, consistente en agarrar o cordón do gorro dun xogador rival e tirar del cara abaixo, con expulsión definitiva con substitución disciplinaria, debendo cumprirse a presente sanción na mesma categoría na que se produciu a infracción e con efectos inmediatos.

En lugar e data ut supra,

Xuíz Único do Comité de Competición da FEGAN

JOSÉ ANTONIO NÓVOA

Colexiado nº 2.623, en exercicio, do Ilustre Colexio da Avogacía de Ourense